

Os vecinos: O Bierzo

Un berciano en san Froilán

O CORREO GALEGO prepárase para alcanzar un número redondo na súa cabeceira, que non ímaxino -nín desexo- meta, senón descanso para retomar alento, maiores impulsos, e ¡ala!, a meterse ben pronto polos azares do novo século, que tamén será un novo milenio.

O acontecemento vai ocorrer en outubro, cando o corazón se me altera un pouquiño pensando en Galicia -concretamente, nas festas de Lugo-, a min, leonés sen mingua nin desfalecementos. Leonés, berciano, galego, por qué terían que entrechoca -las raíces da miña vocación. Toda a miña infancia tívena asomada ó aire dos Colmenares en Villafranca, misterioso e céltico, que conservaos castiñeiros en verdor e fecundidade. ¡Bo alimento para os meus soños de poeta aprendiz!

Fronte á casa familiar-que "sen alpendre nin ciprés, pazo non é", .pero ben que a quero-, aínda se estenden uns metros de paredón: era como o peirao dun porto, ou así o imaxinaba. Os homes e as mulleres de humilde condición, nel aliviaban o peso de sacos e banastas, de presas de enxertos e de garrafóns de augardente con ou sen guía legal. Logo chegaban os carros e as camionetas. Desde o paredón erguíanos os negociantes as súas riquezas. Alí alzábase a algarabía da esperanza, prognosticando o éxito dos pementos, do viño, das uvas brancas e negras do Bierzo para a sede dos galegos en Lugo.

A min gustábame, sobre todo, que o coche moi rodado que proclamaba unha invitación: "Feiras, festas e mercados". Era un transporte mixto, que a un tempo servía para os cristiáns, para as mercadorías e para os animais, con perdón. O meu pai cerraba o trato da viaxe, que non había tarifas a prezo fixo, e alá íamos os dous camiño do San Froilán. El dirá que o fai por min, para que vexa mundo e esperte; pero non pode enganarme. Eu coñezo mellor ca ninguén -mellor dito, despois da miña nai- a lentura que se lle pon nos ollos azuis tan pronto como marchamos por Pereje e Trabadelo.

Todo o seu sangue ferreiro -villafranquina con fondos mananciais en Fonsagrada- pónselle alerta cando rozámo-los montes de Cervantes, cheos de escuras resonancias.

-Fillo, por aquí viñamos o teu avó e mais eu, cando non había autos nin luz

eléctrica, traendo o ferro dos Mazos.

E por Pedratita:-Fillo, aquela montaña máis alta é a do Milagre do Cebreiro, dende alí vese Lugo nos días que non hai néboa. A min corríame como unha emoción pola pel, pero disimulábao, por medo a parecer maricallo. Pedrafita, Doncos, Os Nogais, Becerreá, Neirade Jusá -fíxense, que nome ¡Neira de Jusá!-, O Corgo... Toda unha toponimia soterrada na memoria esperta cada ano en min por estas datas.

Chegabamos de Lugo a media mañá, o meu pai impaciente pola misa e o sermón da Catedral, eu con outras inquedanzas. A capital anticipábasenos polas “Casas do Sacramento”. Non sei por uqése chamaban así, e de ninguna maneira quero sanelo. O nome gustábame, e basta. En seguida, o Cuartel das Mercedes, o barrio de San Roque onde nos esperaban os primos da rúa das hortas, a Porta de San Pedro que nos daba

entrada ó xermolo da cidade endomingada...



Lugo era una ciudade populosa que viña no libro de Xeografía –como burgos, como Constantinopla-, desconcertábame que a xewnte non nos dixera ola ou adeus pola rúa. E ademáis, ¡os sitios que se podían alcanzar desde Lugo! Había letreiros co datas que sinalaban “A Santiago”, “A Coruña”, “A ribadeo”. E a feira.

A mediodía, a gloria parecíame aquel recinto do ferial, onde o meu pai me presentaba cunha covachada que podía ser de orgullo ós parentes afastados, de Fonsagrada, de Riotorto, de Ferreira do Valle de Ouro. Enchíame de vaidade o meu prestixio de estudante. Os parentes acudían a vender varas e apeiros de madeira para la labranza, navallas de bo corte, caldeiros de ferro negro para coce-la comida dos porcos, sempre con perdón. Doíanse de que en Barcelona facían caldeiros mais baratos, brancos e brillantes, creo que galvanizados. Pero eles seguían ano tras ano coa industria familiar., incansables e queixosos. Regalábanme una vara que me sobrepasaba en altura e algún reais. O polvo e a empanada de sardiñas sinalaban o descanso. A tarde estaba chea música e orfeóns. Cando o meu pai oíra a *Negra sombra*, sabíamos que tocaba dicirlle adeus á festa.

Sei que esta crónica pode parecer un asunto persoal, e quizais nalgún momento se ladease cara o xénero zalameiro do lirifolio. Pero creo que moita xente de a miña vila suscribiría o sentimento galaico-leonés. E ó mellor, en galego, non sei se normalizado ou coa gracia que dan as heterodoxias.

Antonio Pereira é escritor

Texto: Antonio Pereira
Ilustración: Fernando Rubial